

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 08 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, don _____, representante da empresa Breogán Transporte, S.A., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario _____, con data __ de __ de __ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____, representante da empresa Media Markt A Coruña Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data __ de _____ de ____ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____ con DNI _____, representante da empresa Media Markt E-285 Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A.

Doutra, don _____, representante da empresa Lidl Supermercados S.A.U., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data __ de _____ de 2020 e número de protocolo 387.

Doutra, don _____, representante da empresa Recambios Barreiro, S.L.U., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data __ de ____ de ____ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____, director de Recursos Humanos da empresa Hijos de Rivera, S.A.U., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de ____ de ____ e número de protocolo _____.

E doutra, don _____, representante da empresa Distribuciones Varpen S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de ____ de ____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coas empresas Panvelpa S.L., Serviguide S.L., Arenal Perfumerías S.L.U., Cafés Candelas, S.L. Comercial Malasa, S.L. e Russula, S.A. e Porto Muiños, S.L., un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas no IES Ramón Menéndez Pidal para o ciclo formativo de grao superior en Transporte e Loxística.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas Breogán Transporte, S.A., Media Markt A Coruña Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A., Media Markt E-285 Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A. Lidl Supermercados S.A.U., Recambios Barreiro, S.L.U., Hijos de Rivera, S.A.U.e Distribuciones Varpen S.L., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas Breogán Transporte, S.A., Media Markt A Coruña Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A., Media Markt E-285 Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A. Lidl Supermercados S.A.U., Recambios Barreiro, S.L.U., Hijos de Rivera, S.A.U.e Distribuciones Varpen S.L., aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Panvelpa S.L., Serviguide S.L.,

Arenal Perfumerías S.L.U., Cafés Candelas, S.L. Comercial Malasa, S.L. e Russula, S.A. e Porto Muiños, S.L., e para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas Breogán Transporte, S.A., Media Markt A Coruña Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A., Media Markt E-285 Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A. Lidl Supermercados S.A.U., Recambios Barreiro, S.L.U., Hijos de Rivera, S.A.U. e Distribuciones Varpen S.L. comprométense a acoller nas súas instalacións a 7 alumnos e alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Panvelpa S.L., Serviguide S.L., Arenal Perfumerías S.L.U., Cafés Candelas, S.L. Comercial Malasa, S.L. e Russula, S.A. e Porto Muiños, S.L., cun representante para cada empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

1. ANEXO

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Código: C2021006702

1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Breogán Transporte, S.A.	1
Media Markt A Coruña Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A.	1
Media Markt E-285 Vídeo-TV-Hifi-elektro-computer-foto, S.A.	1
Lidl Supermercados S.A.U	1
Recambios Barreiro, S.L.U.	1
Hijos de Rivera, S.A.U.	1
Distribuciones Varpén S.L.,	1
Total	7